

ASUNTO

PLE/2021/00001706L

CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA

Por Decreto 90/2020, do 13 de xuño da Presidencia da Xunta de Galicia, mantense a declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada por acordo do Consello de Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, por iso e de acordo co apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, convoco aos/ás señores/as concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal á sesión ordinaria do pleno que se celebrará por medios telemáticos e terá lugar o vindeiro **día 28 de xaneiro de 2021, ás 10 horas**, en primeira convocatoria e dous días máis tarde á mesma hora, en segunda, de non se acadar quórum de asistencia na anterior. Os acordos adoptados entenderanse producidos na sede do Pazo de Raxoi.

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001706L.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2020.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2021/00002105G.

Proposta da alcaldía relativa á periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

3. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001735W.

Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para manter os postos de traballo dos empregados da liña de autobuses ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro.

4. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001739Y.

Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a sinatura do convenio coa USC, a urxente contratación das obras de mellora do Campus Sur e a participación da oposición no órgano de seguimento e avaliación da Edusi.

5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001741P.

Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear unha comisión municipal do Xacobeo co fin de captar fondos doutras administracións e de reorientar os programas de turismo e cultura.

6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001743X.

Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a elaboración do V Plan de igualdade 2021-2024 e para incluír a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais.

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001744B.

Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a implantación dos anticipos de caixa fixa nas axudas sociais e para axilizar o seu pagamento.

8. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00001706L.

Dar conta da resolución de prórroga do orzamento de 2020 para o ano 2021.

9. TESOURERÍA. Referencia: 2021/00001706L.

Dar conta da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza 3.24, taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00001706L.

Dar conta de resolucións da alcaldía, concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno.

11.- Rogos e preguntas.

Rogos:

Presentado por CA reclamando melloras no CIM de Santiago.
Presentado polo BNG conmemorar centenario Cantigas e Agarimos.
Presentado polo BNG para instalar iluminación aparcadoiro Altiboia.
Presentado polo BNG senda mitolóxica do Viso.
Presentado polo PP prazas aparcamento da rúa do Hórreo.
Presentado polo PP proxectos de peonalización.
Presentado polo PP mellora dotacións na zona de Sta. Marta.
Presentado por CA melloras na senda do Monte Viso.

Preguntas resposta oral:

Presentada por CA sobre estacionamento residentes cidade histórica.
Presentada polo PP sobre o tráfico no contorno da intermodal.
Presentada polo PP sobre a licitación da vía verde entre Santiago e Oroso.
Presentada polo PP sobre o transporte urbano ao aeroporto.
Presentada polo BNG sobre o COVID e restricións de aforos na hostalería.
Presentada polo BNG sobre instalación de colectores de recollida de residuos.
Presentada polo BNG sobre administración electrónica.
Presentada por CA sobre centro de atención ás persoas sen fogar.
Presentada por CA sobre o carril bici na rúa Clara Campoamor.

Preguntas resposta escrita:

Presentada polo PP renuncia a subvención compostaxe.
Presentada por CA sobre vertedura no lugar da Sionlla.
Presentada polo PP saneamento na rúa dos Vilares.

12.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo grupo municipal de CA para a creación dunha ruta polo pequeno patrimonio cultural das zonas verdes de Santiago.

2. Presentada polo grupo municipal de CA para a realización de diversas actuacións nas escolas infantís municipais.
3. Presentada polo grupo municipal do BNG para que o concello medie no conflito laboral do transporte de Lavacolla que debe ser subrogado.
4. Presentada polo grupo municipal do BNG para a celebración do día de Rosalía.
5. Presentada polo grupo municipal de CA en solidariedade e apoio co sector da hostalería da nosa cidade.
6. Presentada polo grupo municipal do PP para garantir os dereitos dos traballadores da liña do autobús ao aeroporto afectados polo cambio na concesión.
7. Presentada polo grupo municipal do PP para melloras puntuais e planificación da reurbanización da rúa Corredoira das Fraguas.
8. Presentada polo grupo municipal de CA para frear o aumento das casas de apostas.
9. Presentada polo grupo municipal do BNG para designar fillo adoptivo de Santiago ao fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto.
10. Presentada polo grupo municipal do BNG para mellora a accesibilidade no barrio da Almaciga.

PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE):

DONA MERCEDES ROSÓN FERRREIRO, DON GUMERSINDO GUINARTE CABADA, DONA MARÍA MILAGROS CASTRO SÁNCHEZ, DON GONZALO MUÍÑOS SÁNCHEZ, DONA MARTA ABAL RODRÍGUEZ, DON JOSÉ MANUEL PICHEL PATIÑO, DON JOSÉ JAVIER FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA ESTHER PEDROSA CARRETE, DON RUBÉN PROL MARIÑO.

PARTIDO POPULAR (PP):

DONA ANA BELEN SABEL IGLESIAS, DON ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA, DONA MARÍA ANGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ, DON JOSÉ ANTONIO CONSTENLA RAMOS, DON EVARISTO BEN OTERO, DON RAMÓN DE JESÚS QUIROGA LIMIA, DONA BEATRIZ CIGARRAN VICENTE, DONA MARÍA CASTELAO TORRES.

COMPOSTELA ABERTA (CA):

DONA BRANCA PETRA NOVO REY, DONA MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ, DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ, DONA MARÍA ROZAS PÉREZ, DON XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):

DONA MARÍA GORETTI SANMARTÍN REI, DONA NAVIA RIVAS DE CASTRO.